

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Regularización de edificios escolares e vivendas mestres e vivenda conserxe. Desafectación

ANUNCIO

O Pleno da Corporación municipal, en sesión feita o 26/02/2016, por maioría absoluta do número legal de membros da mesma, adoptou, entre outros, o acordo extractado seguinte:

1.–Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica-desafectación, para declarar tales inmoables como patrimoniais, quedando acreditada a legalidade da alteración xurídica, dos inmoables seguintes:

| Inmable destinado a centro educativo |
|---|
| Escola e vivenda en Barbeira |
| Vivendas Mestres Sta Comba |
| Escola en Montouto |
| Escoa en Freixeiro |
| Escola na Illa-Freixeiro |
| Escola en Agrís (Grixoa) |
| Escola e vivenda na Cotoleira-Esternande |
| Escola en Frieiro-Castriz |
| Escola e vivenda no Couto |
| Escola e vivenda en Padreiro |
| Escola en Ser |
| Escola e vivenda en Esmorode |
| Escola e vivenda en Guldriz |
| Escola nas Caselas-Sta. Comba |
| Escola e vivenda en San Martiño |
| Escola en Vilar de Céltigos |
| Escola e vivenda en Bazar |
| Escola no Busto |
| Vivienda conserxe-Colegio Barrié de la Maza |

2.–Someter a información pública polo prazo dun mes no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, para que os interesados poidan formular as reclamacións que consideren pertinentes.

3.–Solicitar a autorización para a declaración da desafectación dos inmoables mencionados á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4.–Dar conta á comisión informativa que corresponda na primeira sesión que celebre.

5.–Publicar anuncio informativo na páxina web municipal e na Sede Electrónica.

6.–Facultar ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

Ábrese un trámite de información pública por un prazo dun mes para que se poidan presentar reclamacións e suxestións; ao abeiro do artigo 8 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

En Santa Comba, 2 de marzo de 2016.

O alcalde

José Antonio Ucha Velo

2016/1611